

**ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA AMPLIACIÓN ABASTECIMENTO AUGA EN GUIMARÁNS E QUISTILÁNS (BUGALLIDO). PAI COMPLEMENTARIO 2016**

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas do día quince de xuño de dous mil dezaioito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto da obra ampliación abastecemento auga en Guimaráns e Quistiláns (Bugallido)

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 9 de abril de 2018, diante das elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas ALCOMTE GALICIA SL, que ofertou unha baixa do 32,94 %, GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU, que ofertou unha baixa do 31,75 %, SYR-AMG SLU que ofertou unha baixa do 32,11 % e EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL que ofertou unha baixa do 34,851 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

**ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax ou correo electrónico, segundo o método elixido, ás empresas que estaban en situación de baixa temeraria concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas

remitiríasele ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 17 de abril de 2018 remitiuse escrito de requirimento ás catro empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as catro empresas requiridas segundo consta no rexistro xeral de entrada do Concello de Ames. Debido ó anteriormente exposto douse traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas que si presentaron en prazo documentación para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 31 de maio de 2018, que transcrito literalmente dí:

***“INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR DIVERSAS EMPRESAS RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA DE AMPLIACIÓN DE ABASTECIMENTO AUGA EN GUIMARÁNS E QUISTILÁNS (BUGALLIDO). PAI COMPLEMENTARIO 2016***

**ANTECEDENTES:**

*O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 40.559,96€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 31.838,46€, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 30.258,28€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 28.240,05€, que supón un 30,37% de baixa.*

*Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:*

*SYR-AMGM SLU: 27.536,07€ [32,11% baixa]  
EXCOMEL-EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL: 26.424,81€ [34,85% baixa]  
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS: 27.682,05€ [31,75% baixa]  
ALCOMTE GALICIA SL: 27.200,80€ [32,94% baixa]*

*Estas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.*

**INFORME:**

**YR-AMGM SLU:**

*A empresa presenta unha memoria que consta de dúas páxinas, na que basea a xustificación da baixa ofertada nos seguintes argumentos:*

*Gastos Xerais: Redución do custo neste concepto por seren unha empresa de ámbito familiar e de pequena dimensión.*

*Beneficio Industrial: O obxectivo de captación de novos clientes e de posicionamento no mercado levan a asumir beneficios reducidos.*

*Persoal: Empresa con persoal altamente cualificado e ampla experiencia.*

*Maquinaria: A empresa posúe un parque de maquinaria propia que está case amortizada.*

*Rendementos: A empresa obtén maiores rendementos dos considerados no proxecto e menores custos económicos e financeiros.*

**Avaliación da documentación achegada:**

*A empresa fai consideracións xerais, que poden ter incidencia na súa oferta, pero non existe un estudo detallado da obra, con cálculo efectivo e detallado de prezos e de rendementos, polo que se considera que non xustifica de xeito adecuado a súa proposta económica.*

**EXCOMEL-EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL:**

O licitador destaca os seguintes puntos que inciden na proposición económica:

- *Baixo custo dos gastos xerais e beneficio industrial (3%) debido ao produtivo persoal técnico e administrativo que traballa na empresa.*
- *Trátase de traballos e actividades nos que empresa conta cunha forte especialización e coñecemento.*
- *Na preparación da oferta ten participado parte do persoal técnico que ten executado obras similares.*

Para xustificar os prezos ofertados, a empresa achega o calendario laboral e os salarios que figuran no Convenio da Construción de A Coruña, indica que para a elaboración da oferta se tiveron en conta os prezos subministrados por provedores de confianza, e que conta con medios persoais e humanos par poder executar a obra.

#### **Avaliación da documentación achegada:**

A empresa fai consideracións xerais, que poden ter incidencia na súa oferta, pero non existe un estudo detallado da obra, con cálculo efectivo e detallado de prezos e de rendementos, polo que se considera que non xustifica de xeito adecuado a súa proposta económica.

#### GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS:

O licitador presenta un documento que consta dos seguintes apartados:

- *Datos do licitador*
- *Memoria*
- *Volume de obra xa contratado*
- *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.*
- *Solvencia económica e financeira.*

Na memoria, xustifica a súa oferta nos seguintes argumentos:

- *Prezos dos materiais mais baixos que os do proxecto.*
- *Maiores rendementos que os indicados no proxecto.*
- *Menores gastos xerais, aproximadamente un 4%.*
- *Menor intención de beneficio: 2%.*

Indica, ademais, que para a elaboración da oferta tiveron en conta os prezos dos materiais mais baixos que os de proxecto: (formigón: 43,80€/m<sup>3</sup>, zahorra artificial: 3,30€/Tn., pedra 32/63: 3,50€/Tn., gravilla 12/16: 6€/Tn, grava 5/8: 8,10€/Tn, area lavada: 5,50€/Tn).

Tamén inclúe un organigrama de persoal a adscribir á obra, con curriculums, e unha declaración da obra executada nos últimos anos.

#### **Avaliación da documentación achegada:**

A empresa fai consideracións xerais, que poden ter incidencia na súa oferta, pero non existe un estudo detallado da obra, con cálculo efectivo e detallado de prezos e de rendementos, polo que se considera que non xustifica de xeito adecuado a súa proposta económica.

#### ALCOMTE GALICIA SL:

O licitador achega unha documentación que consta dos seguintes apartados:

1. *Xustificación dos prezos ofertados:*
  - *Apertura das ofertas*
  - *Situación da obra e medios da empresa*
  - *Xustificación de custos (Custo directo, Gastos xerais e beneficio industrial, Resumo)*
  - *Conclusións*
  - *Orzamento xustificativo do custo da obra e da oferta*
  - *Ofertas de provedores, cartas de compromiso*
  - *Relación de maquinaria en propiedade*
2. *Volume de obra*
  - *Listado de volume de obra contratada, en execución e pendente de contratar*
  - *Relación entre o volume de obra contrata e en execución e os medios persoais e materiais ofertados*
3. *Custos laborais fixos e volume de obra contratada*
  - *Nóminas de persoal laboral fixo*
  - *Declaración responsable da obra en execución.*

Nos primeiros apartados fai unhas consideracións xerais relativas ás condicións favorables que se suscitan para a execución da obra no prezo ofertado: experiencia contrastada na execución de obras similares, obrigada redución das marxes de beneficio motivada pola crise do sector, etc.

De seguido fai unha xustificación de custos, que desagrega en:

**Man de obra:**

Se teñen unificado os custos da man de obra contemplados no proxecto, utilizando como base os custos horarios por categorías calculados pola APEC segundo o convenio colectivo da construción da provincia de A Coruña para o ano 2018. Ademais, indican que os custos indirectos relativos ao Xefe de obra e Encargado de obra redúcense por teren executando obras na contorna.

**Maquinaria:**

A fixación dos prezos da maquinaria tense feito en base aos prezos de Base de Datos da Construción de Galicia, contrastando os resultados cos prezos habituais de mercado da zona.

**Materiais:**

O custo dos materiais obtense das ofertas realizadas de empresas da zona (achegan prezos unitarios dos materiais mais significativos da obra.

Aplicando os criterios expostos nos apartados anteriores, elabora un cadro de prezos descompostos e establece as porcentaxes destinadas a gastos xerais (6% + 1% en concepto de control de calidade) e beneficio industrial (4,91%). Aplicando estes novos prezos ás medicións do proxecto elabora un orzamento xustificativo da obra, que coincide coa oferta presentada.

Como documentación complementaria e de apoio, achega tamén ofertas e cartas de compromiso de provedores, fichas de amortización da maquinaria, nóminas de persoal fixo, etc.

**Avaliación da documentación achegada:**

A documentación achegada pola empresa é bastante exhaustiva, e nela expone con detalle o método que se ten empregado para elaborar a oferta. Porén, detéctanse diversas incidencias que se comentan de seguido:

O licitador establece unha determinada porcentaxe do PEM destinada a gastos xerais (6%PEM +1% destinado ao control de calidade) que é sensiblemente inferior ao que establece o proxecto, sen que se teña feito un cálculo detallado dos custos atribuíbles a ese concepto. Considero que a citada redución debería vir acompañada dese estudo, e non simplemente xustificada en base a consideracións xerais.

Por outro lado, detéctase que na elaboración dos prezos descompostos se teñen modificado substancialmente os rendementos da man de obra

**CONCLUSIÓN:**

Examinada a documentación presentada polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente”.

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas SYR-AMG SLU, GR Construcciones Obras y Servicios SLU, Excavaciones y Obras Melchor SL e Alcomte Galicia SL do procedemento por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

**Tipo de licitación con IVE: 40.559,96.- Euros**

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
1	EXCAVACIONES POSE SL	28.495,50	36,05

2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	29.791,29	32,96
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	30.000,00	32,46
4	BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	33.986,45	21,37
5	EXCAVACIONES OVIDIO SL	32.447,96	26,14
6	EXCAVACIONES-CONSTRUCCIONES TRANSPORTES-ASFALTOS HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	38.531,96	7,29
7	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	29.507,30	33,63
8	CETA CONTRATAS SL	33.282,87	23,56
10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	31.702,00	28,39
11	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	30.552,50	31,14
13	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	30.910,74	30,28
14	SONDEOS PORZUNA SL	31.356,91	29,21
15	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	31.137,89	29,74
16	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	31.847,68	28,00
18	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA SL (MARCONSA SL)	36.311,94	14,17
20	EXCAVACIONES MIDÓN SL	31.636,77	28,55
21	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	36.420,00	13,83
22	GESTAL Y LÓPEZ SL	31.636,77	28,55
23	OBRAS Y VIALES CERNE SL	30.492,00	31,28
24	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	33.689,10	22,30
25	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	39.750,00	3,51
26	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	30.071,15	32,29
27	GROMA OBRAS SL	36.053,75	14,97

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	<b>EMPRESA</b>	<b>OFERTA ECONÓMICA CON IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1	EXCAVACIONES POSE SL	28.495,50	36,05
7	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	29.507,30	33,63
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	29.791,29	32,96
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	30.000,00	32,46
26	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	30.071,15	32,29
23	OBRAS Y VIALES CERNE SL	30.492,00	31,28
11	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	30.552,50	31,14
13	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	30.910,74	30,28
15	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	31.137,89	29,74
14	SONDEOS PORZUNA SL	31.356,91	29,21

20	EXCAVACIONES MIDÓN SL	31.636,77	28,55
22	GESTAL Y LÓPEZ SL	31.636,77	28,55
10	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	31.702,00	28,39
16	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	31.847,68	28,00
5	EXCAVACIONES OVIDIO SL	32.447,96	26,14
8	CETA CONTRATAS SL	33.282,87	23,56
24	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	33.689,10	22,30
4	BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	33.986,45	21,37
27	GROMA OBRAS SL	36.053,75	14,97
18	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA SL (MARCONSA SL)	36.311,94	14,17
21	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	36.420,00	13,83
6	EXCAVACIONES-CONSTRUCCIONES TRANSPORTES-ASFALTOS HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	38.531,96	7,29
25	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	39.750,00	3,51

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

**1º.-** Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas SYR-AMG SLU, GR Construcciones Obras y Servicios SLU, Excavaciones y Obras Melchor SL e Alcomte Galicia SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

**2º.-** Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de obra ampliación abastecemento auga en Guimarás e Quistiláns (Bugallido) á empresa **Excavaciones Pose SL** con CIF B-15626922 no prezo de vinte e tres mil cincocentos cincuenta euros **(23.550,00.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de catro mil novecentos corenta e cinco euros e cincuenta céntimos **(4.945,50.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e catorce minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.